

NOTA INFORMATIVA

**A HISTORIA ÚNICA DE ANA PELETEIRO E ÚNICLA, NA SÚA NOVA CAMPAÑA**

- **Estará activa ata finais de ano en medios dixitais e redes sociais**
- **Nela enxálzanse os valores que comparten e definen a marca e a atleta: paixón, entrega, sacrificio, esforzo e compromiso**
- **A deportista de elite aposta polo leite Únicla Premium como alimento de éxito na súa nutrición**

**Ponte Maceira, 2 de novembro de 2020.** – Arranca a [nova campaña dixital](#) de Únicla da man da atleta galega de proxección internacional Ana Peleteiro na que se pon en valor **os atributos que comparten e definen a marca e a atleta: paixón, entrega, sacrificio, esforzo e compromiso.**

Estará activa durante este mes de novembro e o vindeiro mes de decembro e será a actual campioa de Europa en triplo salto en pista cuberta a encargada de acercar aos consumidores, como embaixadora da marca, as virtudes **deste leite 100% natural, saudable e sostible dende o punto de vista medioambiental e de benestar animal**, en medios dixitais e redes sociais.

**Un leite único para una atleta única**

Altamente comprometida con Galicia, a deportista de elite representa e comparte os atributos do leite Únicla. A identidade, a promoción de hábitos de vida saudable e a sustentabilidade serán os eixos temáticos que fusionen o discurso de Ana Peleteiro coa esencia do leite Únicla. O obxectivo é o crecemento conxunto de dúas marcas de vangarda comprometidas co relevo xeracional, a sustentabilidade e o desenvolvemento integral de Galicia.

Enlace de acceso ao anuncio da campaña:

<https://www.youtube.com/watch?v=wZUYpK9KBys>